

Datas:

7, 14, 21, e 28 de marzo e 4, 11, 18 e 25 de abril de 2016

Duración:

8 xornadas de 18 a 20 h

Horario:

Luns de 18 a 20 horas

Prezo:

10 euros

Apuntamento:

A partir do luns 22 de febreiro a través do correo electrónico da Biblioteca *José Saramago*, bibliotecacsc@santiagodecompostela.org
Indicando claramente o nome completo, número de teléfono, correo electrónico e idade do participante.

Formalización da matrícula:


Entre o día 1 e 4 de marzo as persoas admitidas no taller deberán recoller a folha de pagamento no Centro Sociocultural das Fontiñas (rúa Berlín 3, tfno. 981 528 750) e formalizar a inscrición mediante o pago da cota de participación. Entregarán a folha de pagamento o primeiro día do taller no propio Centro Sociocultural A Trisca.

CENTRO SOCIOCULTURAL A TRISCA

R/ Corredoira das Fraguas 92
15703 Santiago de Compostela
Tfno. 981 543 191

LABORATORIO POÉTICO

Taller de animación
á escrita e á lectura



Organiza:



Datas: 7, 14, 21 e 28 de marzo e 4, 11, 18 e 25 de abril de 2016

Horario: 18 a 20 h

Que é o Laboratorio Poético ?

É un taller práctico de **animación á escrita e de promoción da lectura activa**, onde se ofrecen as ferramentas básicas para a elaboración dun pequeno poemario ou "suite" poética.

Unha titora (a poeta e xornalista Olalla Cociña) coordina o laboratorio, que contará coa visita de poetas de diferentes xeracións e estéticas para falar das súas inquedanzas á hora de afrontar o proceso creativo. As persoas asistentes terán a oportunidade de analizar aspectos concretos da obra de creadoras actuais para entender e achegarse, de primeira man, ás claves dos seus universos poéticos.

Este laboratorio quere ser **o punto de partida para comezar a propia viaxe poética**. Ao longo das oito xornadas de laboratorio as participantes poderán ir compartindo os pasos do seu traballo persoal, tanto coa titora, como coas poetas convidadas e compañeiras de taller.

A quen está dirixido ?

A calquera persoa maior de 16 anos interesada na poesía, tanto a nivel lector como a nivel de primeira incursión na escrita.

Se che gusta ler poesía e queres afondar no coñecemento de autores e autoras actuais. Se tes curiosidade por entender o proceso da escrita e che gustaría indagar na túa propia voz, este taller é para ti.

Resumo do programa

- Presentación biobibliográfica.
- Na procura da poesía. Que lle pedimos a un poema?
- Desmontando tópicos e prexuizos. Temas e formas.
- Recursos estilísticos: cómo funcionan e cómo podemos empregalos
- A creación poética: xogo e goce. Poeta convidada/o
- Poesía galega: últimas noticias e propostas.

Compilación do traballo

O taller está concibido de xeito teórico expositivo, dunha banda, e doutra, práctico. Implica a participación activa das persoas participantes, que traballarán na busca da súa propia voz a partir de diferentes propostas creativas.

Ao final do taller elaborárase unha revista dixital que compile o material analizado e os textos que vaian saíndo á luz.